

As sinceras razóns de Carballo Calero

XOSE RAMON PENA



Carballo Calero

Pero como nesta pequena hora da verdade que resulta ser a entrevista ninguén é por principio inocente, comenzamos así:

—Hai algunha xente, D. Ricardo, que cando se fala de Vde. indican mudanzas espectaculares nos seus posicionamentos, mesmo metamorfoses...

—Evidentemente eu non son nen quero ser un fósil e procuro re-axustar as miñas opinións en concordancia cos estímulos empíricos que me rodean, o que supoño que debe resultar correcto. Agora ben, para quen teña seguido mínimamente a miña obra ao longo do tempo, isto —estas... acusacións— resulta desde logo falso e totalmente indemostrábel.

—Pero, D. Ricardo. Hai quen diga que Vde. é reintegracionista ou “lusista” moi de repente...

—Todos nós estamos formados no coñecemento da realidade de Galiza nas súas diferentes expresións, ao longo de etapas da nosa vida. Evidentemente, entre os meus primeiros estudos sobre o galego e os actuais hai unha lóxica evolución. Ora ben; sempre afirméi neles que o galego non era unha realidade independente do complexo lingüístico galego-portugués, o que polo demais significa estar na liña máis ortodoxa da romanística, como a definiron Menéndez Pidal ou Leite de Vasconcelos e na que todos estamos formados.

—Duas preguntas xa sobre este tema: 1ª) E certo que hoxe o galego ten un sistema ortográfico determinado polo castellano nunha grande medida? O reintegracionismo fala de modificar esta situación. Sen embargo, algúns din que semellante modificación complicaría terriblemente a aprendizaxe da lingua e que, ademais, nunca unha ortografía se reforma para facé-la máis complicada...

—Non comprendo como se o galego é unha lingua independente do castellano —como todo o mundo convén— ten por qué ter, sen embargo, unha ortografía dependente daquela lingua; ortografía que está en contra da re-inserción do galego no seu verdadeiro mundo. Doutra parte, se adoptamos a ortografía do castellano, con lixeiras modificacións, para o galego, e aducimos para iso criterios de facilidade e economía, por qué non adoptamos tamén o léxico, a morfoloxía e, finalmente, o mesmo castellano? Realmente parece un absurdo a afirmación que ti me propuxeches.

—De acordo, pero aínda unha 2ª cuestión: Os mesmos que pensan o que anteriormente lle propuxen din que postos a reintegrar o galego, postos a realizar unha ortografía reintegracionista, por qué non utilizar directamente o portugués...

—Certamente eu creo que como solución definitiva hai que admitir a concórdia entre a ortografía galega e a lusobrasileira máis, lóxicamente, con certas variantes que indiquen o carácter dife-

Cando un lía —e le— a Historia da Literatura Galega de D. Ricardo Carballo Calero sempre se sorprendía daqueles capítulos densos, escritos cunha sintaxe barroca, en columna salomónica. Tamén se sorprendía un cando escoitaba —e escoita— falar a este vello profesor, capaz de unir cun cabo preciso todas as oracións subordinadas do mundo. Pero o que mais sorprende sempre —e sorprende— ao autor destas liñas é a sincera razón dese cabo; a sincera razón que existe no falar e no escribir de D. Ricardo Carballo Calero.

renciado do galego, ao que non temos que renunciar.

—Pero, D. Ricardo; non lle parece que sería demasiado complicado termos que explicar agora á xente San Xenxo estaba ben escrito como San Genjo —non ben pronunciado, claro—? Non resultaría difícilísimo indicar que “o peixe non se merca na plaza”, pero tampouco “na praza”, senón “na praça”?

—Repito que non comprendo unha doutrina que pretenda isolar o problema da ortografía do galego do problema da reivindicación socio-política e cultural da Galiza. E evidentemente que tal recuperación do noso verdadeiro espírito ten un custo que é preciso pagar. Doutra banda, na época na que o galego estaba fóra do ensino, totalmente marxinado do posíbel coñecemento polo pobo é comprensíbel que se procurase unha ortografía o máis simple posíbel. Pero, imos estar sempre resignados a permanecer após o castellano? Temos de restaurar unha ortografía galega, como temos de restaurar o sentido socio-político-cultural de Galiza. Que este proceso —refíro-me ao ortográfico— teña de ser máis ou menos lento é cousa que se pode discutir e estudar. O que resulta claro é cal ten de ser o norte que non é outro que devolver o galego ao seu verdadeiro camiño. Se hoxe en día os reintegracionistas en lugar de estar proscriitos, afastados e malditos estivesen no poder, eu aconsellaría-lles unha actitude práctica sobre a base de ir reformado a ortografía segundo as necesidades do momento posto que, non o esqueamos, a batalla ortográfica non é independente doutras batallas que aquí se están a dar.

—Utilizou Vde. as palabras **marxinación, afastamento** para o reintegracionismo. Existe esa proscripción, D. Ricardo? Por qué?

—Desde logo que existe. Se ti hoxe envías un artigo ou un libro, un texto, a determinados lugares ou ben non cho publican ou ben adaptan-cho ao sistema oficial. Por qué? Pois simplemente porque o poder, en si mesmo, se non está controlado por unha sociedade crítica perfectamente educada, tende a ser poder único, totalitario. Hoxe existe en Galiza a tentación da ditadura lingüístico-ortográfica, aproveitando a escasa conciencia que sobre estes apartados existe no país.

—Tal parece, daquela, que a oposición reintegracionismo /vs/ anti-reintegracionismo está, no fondo, noutros apartados...

—Lóxicamente. Aquí estamos a xogar co concepto que temos de Galiza. Se pensamos que Galiza é únicamente unha rexión con certas particularidades folclórico-lingüísticas, entón utilizaremos a ortografía do castellano e admitiremos todos os castellanismos que entraron no idioma. Se, polo contrario, estamos dentro dunha postura nacionalista, a nosa posición lingüística ten de ser diferente; estaremos dentro da conti-

nuación dun pensamento galeguista que hoxe ten consumación no nacionalismo; un pensamento que tivo a súa máxima expresión na figura de Castelao. Admitir esa rexionalización político-lingüística supón a extinción final do galego, a súa progresiva dialectalización até ser puro castellano. A cultura galega é unha cultura independente, autónoma, pero que non se pode separar violentamente da súa proxección mundial, representada polo mundo luso-brasileiro, do mesmo xeito que o castellano non renuncia á conexión co mundo hispanoamericano. Desde logo, non estamos, nen moito menos, en tempos de isolacionismos.

—E qué significan as palabras de Otero Pedraio: “Na desesperación utilizar o portugués”?

—Eu creo que Castelao estaba no bon camiño: “Debemo-nos aproximar ao portugués até fundir-nos con el en canto formas do mesmo sistema”. A actitude de Otero Pedraio, as súas palabras, teñen lóxica nesa situación desesperada á que alude, pero mentres se fale galego na Galiza temos de utilizar o galego, aproximando-o, como dixo Castelao, progresivamente ao portugués.

SOBRE O DIRIXISMO CULTURAL

—Coñeceu Vde., D. Ricardo, aquilo de “Realidade Galega”? Non falta quen diga que esa xente nos goberna aínda...

—Desde logo non serei eu quen goberne...!

—Non digo que sexa Vde. D. Ricardo, pero existe ou non existe un patriarcado cultural, un dirixismo da cultura galega por parte de certa xente?

—Houbó un momento en que certas persoas realizaron unha operación de tranquilización dos centros de poder do Estado en base a pretender cortar de raíz tendencias que consideraron “perigosas”. A Academia Galega incorporouse nun momento dado a esta operación de restar suspiciás en Madrid. Neste sentido, aquelas posibilidades políticas e lingüísticas que pretendían modificar unha situación determinada foron consideradas “negativas”. Aquí existiu —e existe— un notábel colaboracionismo de sa represión político-cultural, e aquelas persoas que sostínamos actitudes progresivas caímos, lóxicamente, en desgracia.

—Pero, Vde. repito, estivo relacionado con “Realidade Galega...”

—Nunca pensei que “Realidade Galega” tivese unha intencionalidade política, aínda que desde o primeiro momento manifestei as miñas reservas a este proxecto. Dixo-se-me que R.G. ía ser unha especie de Seminario de Estudos Galegos, un centro de estudos. Neste sentido R.G. nunca funcionou e, pola miña parte, non houbo nengunha outra participación neste grupo.

—Pero existe ou non existe, repito, ese dirixismo cultural?

—É evidente que hoxe estamos dirixidos por un grupo de poder amplo, unha especie de Unión Patriótica formada por

NOTA: Para facilitar a impresión a tamaño real em DIN A4, as ☐
duas folhas de jornal dividiram-se também horizontalmente.



Carballo Calero

BOFILL

ex-marxistas, ex-centralistas, ex-galeguistas e algún marxista –supoño que aínda o é–, centralista e galeguista despidados que teñen como punto de contacto o anti-reintegracionismo...

–E non samente, polo que Vde. di, o anti-reintegracionismo...

–Claro. Isto forma parte dun proceso mais amplo que pretende impedir o desenvolvemento dun proceso nacionalismo. Conste que eu non ousou acusar a ninguén en concreto; penso que existe xente que actúa de boa fe, pensando que está dentro do galeguismo. Repito que non ousou criticar ás persoas mais desde logo, para ben ou para mal, esta “unión sagrada” que están a formar serve uns intereses en absoluto identificados co galeguismo. Trata-se en todo caso, pola miña parte, non de facer xuízos éticos-críticos, senón de constatar feitos.

CASTELAO, GALEGUISMO ORTODOXO

–D. Ricardo, Vde. ten declarado, últimamente, que Castelao se estivese entre nós sería o xefe natural da oposición. De qué oposición?

–Debo mostrar-me humilde ao voltar sobre ese asunto. Desde logo eu non son testamentario de Castelao e eu non teño en propiedade a su conciencia. Ora ben, tendo en conta a su traxectoria, a sua posición ideolóxica é ben difícil que Castelao estivese en concordancia cos posicionamentos oficiais político-culturais hoxe imperantes no noso país.

–Pero, qué oposición sería esa? Qué oposición é?

–Desde logo a oposición nacionalista. O nacionalismo, como xa teño indicado nesta entrevista, é a consecuencia natural do galeguismo histórico. Castelao era –sería hoxe, en palabras actuais– un nacionalista o que non significa unha identificación absoluta con nengún dos líderes actuais do nacionalismo, por suposto.

–E Vde., D. Ricardo, atravesaría-se a

definir-se a si mesmo como un “galeguista ortodoxo”?

–Verdadeiramente eu non son ortodoxo en nada. En min predomina, antes que nada, a libre interpretación dos textos. Ora ben; creo que represento modestamente a postura tradicional do galeguismo; neste sentido son un galeguista “tradicional”, se queremos. Lóxicamente a miña acción é mormente cultural. Pero penso que a miña voz, o meu fio de voz, está perto, moi perto do pensamento dos vellos xefes do galeguismo.

–Daquela, para concluir, é Vde. un liberal galeguista ou un liberal nacionalista...? En todo caso, é Vde. acusado de ser excesivamente individualista...

–Desde logo son liberal, pero non un liberal no sentido inxenuo de pensar que o mundo marcha por si só. Repito que creo na libre interpretación, aínda que a miña vida e actuación supoñen unha determinada dirección. Individualista? Claro que o son, pero porque non son totalitario. Eu creo no individuo, a sociedade é unha agrupación de individuos. Penso que hai, con todo, xente, bastante xente, que no seu contacto comigo ten chegado a unha serie de conclusións sempre en prol do galego. Ora ben, non teño interés nengún en que se me recorde nen en que se me louve posto que os mortais e mesmo as civilizacións somos efémeros. Neste sentido levo unha certa ventaxa a aqueles que na nosa terra desexan pervirer utópicamente por centos e centos de anos.

Pois moitas grazas, D. Ricardo. Moitas grazas pola sua sincera liberalidade que hoxe lle agradezo como autor desta entrevista e que, a bon seguro, han de agradecer os que a lean e os que estuden no futuro a obra de Vde., aínda que, humildemente, Vde. renuncie a un dereito que nunca lle poderá ser negado: o dereito a ser desde sempre un protagonista principal da nosa lingua, da nosa cultura e do noso ser de galegos.

As sinceras razóns de Carballo Calero

XOSE RAMON PENA



Cando un lía –e le– a Historia da Literatura Galega de D. Ricardo Carballo Calero sempre se sorprendía daqueles capítulos densos, escritos cunha sintaxe barroca, en coluna salomónica. Tamén se sorprendía un cando escoitaba –e escoita– falar a este vello profesor, capaz de unir cun cabo preciso todas as oracións subordinadas do mundo. Pero o que mais sorprendeu sempre –e sorprende– ao autor destas liñas é a sincera razón dese cabo; a sincera razón que existe no falar e no escribir de D. Ricardo Carballo Calero.

renciado do galego, ao que non temos que renunciar.

–Pero, D. Ricardo; non lle parece que sería demasiado complicado termos que explicar agora á xente San Xenxo estaba ben escrito como San Genjo –non ben pronunciado, claro–? Non resultaría difícilísimo indicar que “o peixe non se merca na plaza”, pero tampouco “na praza”, senón “na praça”?

–Repito que non comprendo unha doutrina que pretenda isolar o problema da ortografía do galego do problema da reivindicación socio-política e cultural da Galiza. E evidentemente que tal recuperación do noso verdadeiro espírito ten un custo que é preciso pagar. Doutra banda, na época na que o galego estaba fóra do ensino, totalmente marxinado do posíbel coñecemento polo pobo é comprensíbel que se procurase unha ortografía o máis simples posíbel. Pero, imos estar sempre resignados a permanecer após o castellano? Temos de restaurar

nuación dun pensamento galeguista que hoxe ten consumación no nacionalismo; un pensamento que tivo a súa máxima expresión na figura de Castelao. Admitir esa rexionalización político-lingüística supón a extinción final do galego, a súa progresiva dialectalización até ser puro castellano. A cultura galega é unha cultura independente, autónoma, pero que non se pode separar violentamente da súa proxección mundial, representada polo mundo luso-brasileiro, do mesmo xeito que o castellano non renuncia á conexión co mundo hispanoamericano. Desde logo, non estamos, nen moito menos, en tempos de isolacionismos.

–E qué significan as palabras de Otero Pedraio: “Na desesperación utilizar o portugués”?

–Eu creo que Castelao estaba no bon camiño: “Debemo-nos aproximar ao portugués até fundir-nos con el en canto formas do mesmo sistema”. A actitude de Otero Pedraio, as suas palabras, te-



Carballo Calero

Pero como nesta pequena hora da verdade que resulta ser a entrevista ninguén é por principio inocente, comenzamos así:

—Hai algunha xente, D. Ricardo, que cando se fala de Vde. indican mudanzas espectaculares nos seus posicionamentos, mesmo metamorfoses...

—Evidentemente eu non son nen quero ser un fósil e procuro re-axustar as miñas opinións en concordancia cos estímulos empíricos que me rodean, o que supoño que debe resultar correcto. Agora ben, para quen teña seguido minimamente a miña obra ao longo do tempo, isto —estas... acusacións— resulta desde logo falso e totalmente indemostrábel.

—Pero, D. Ricardo. Hai quen diga que Vde. é reintegracionista ou “lusista” moi de repente...

—Todos nós estamos formados no coñecemento da realidade de Galiza nas suas diferentes expresións, ao longo de etapas da nosa vida. Evidentemente, entre os meus primeiros estudos sobre o galego e os actuais hai unha lóxica evolución. Ora ben; sempre afirmei neles que o galego non era unha realidade independente do complexo lingüístico galego-portugués, o que polo demais significa estar na liña máis ortodoxa da romanística, como a definiron Menéndez Pidal ou Leite de Vasconcelos e na que todos estamos formados.

—Duas preguntas xa sobre este tema: 1ª) E certo que hoxe o galego ten un sistema ortográfico determinado polo castellano nunha grande medida? O reintegracionismo fala de modificar esta situación. Sen embargo, algúns din que semellante modificación complicaría terriblemente a aprendizaxe da lingua e que, ademais, nunca unha ortografía se reforma para facé-la máis complicada...

—Non comprendo como se o galego é unha lingua independente do castellano —como todo o mundo convén— ten por qué ter, sen embargo, unha ortografía dependente daquela lingua; ortografía que está en contra da re-inserción do galego no seu verdadeiro mundo. Doutra parte, se adoptamos a ortografía do castellano, con lixeiras modificacións, para o galego, e aducimos para iso criterios de facilidade e economía, por qué non adoptamos tamén o léxico, a morfoloxía e, finalmente, o mesmo castellano? Realmente parece un absurdo a afirmación que ti me propuxeches.

—De acordo, pero aínda unha 2ª cuestión: Os mesmos que pensan o que anteriormente lle propuxen din que postos a reintegrar o galego, postos a realizar unha ortografía reintegracionista, por qué non utilizar directamente o portugués...

—Certamente eu creo que como solución definitiva hai que admitir a concórdia entre a ortografía galega e a lusobrasileira máis, lóxicamente, con certas variantes que indiquen o carácter dife-

nter unha ortografía galega, como temos de restaurar o sentido socio-político-cultural de Galiza. Que este proceso—refírome ao ortográfico—teña de ser máis ou menos lento é cousa que se pode discutir e estudar. O que resulta claro é cal ten de ser o norte que non é outro que devolver o galego ao seu verdadeiro camiño. Se hoxe en día os reintegracionistas en lugar de estar prosritos, afastados e malditos estivesen no poder, eu aconsellaría-lles unha actitude práctica sobre a base de ir reformado a ortografía segundo as necesidades do momento posto que, non o esqueamos, a batalla ortográfica non é independente doutras batallas que aquí se están a dar.

—Utilizou Vde. as palabras **marxinación, afastamento** para o reintegracionismo. Existe esa proscripción, D. Ricardo? Por qué?

—Desde logo que existe. Se ti hoxe envas un artigo ou un libro, un texto, a determinados lugares ou ben non cho publican ou ben adaptan-cho ao sistema oficial. Por qué? Pois simplemente porque o poder, en si mesmo, se non está controlado por unha sociedade crítica perfectamente educada, tende a ser poder único, totalitario. Hoxe existe en Galiza a tentación da ditadura lingüístico-ortográfica, aproveitando a escasa conciencia que sobre estes apartados existe no país.

—Tal parece, daquela, que a oposición reintegracionismo /vs/ anti-reintegracionismo está, no fondo, noutros apartados...

—Lóxicamente. Aquí estamos a xogar co concepto que temos de Galiza. Se pensamos que Galiza é únicamente unha rexión con certas particularidades folclórico-lingüísticas, entón utilizaremos a ortografía do castellano e admitiremos todos os castellanismos que entraron no idioma. Se, polo contrario, estamos dentro dunha postura nacionalista, a nosa posición lingüística ten de ser diferente; estaremos dentro da conti-

ñen lóxica nesa situación desesperada á que alude, pero mentres se fale galego na Galiza temos de utilizar o galego, aproximando-o, como dixo Castelao, progresivamente ao portugués.

SOBRE O DIRIXISMO CULTURAL
—Coñeceu Vde., D. Ricardo, aquilo de “Realidade Galega”. Non falta quen diga que esa xente nos goberna aínda...

—Desde logo non serei eu quen goberne...!

—Non digo que sexa Vde. D. Ricardo, pero existe ou non existe un patriarcado cultural, un dirixismo da cultura galega por parte de certa xente?

—Houbo un momento en que certas persoas realizaron unha operación de tranquilización dos centros de poder do Estado en base a pretender cortar de raíz tendencias que consideraron “perigosas”. A Academia Galega incorporouse nun momento dado a esta operación de restar suspiciacións en Madrid. Neste sentido, aquelas posibilidades políticas e lingüísticas que pretendían modificar unha situación determinada foron consideradas “negativas”. Aquí existiu —e existe— un notábel colaboracionismo desa represión político-cultural, e aquelas persoas que sostínamos actitudes progresivas caímos, lóxicamente, en desgracia.

—Pero, Vde. repito, estivo relacionado con “Realidade Galega...”.

—Nunca pensei que “Realidade Galega” tivese unha intencionalidade política, aínda que desde o primeiro momento manifestei as miñas reservas a este proxecto. Dixo-se-me que R.G. ía ser unha especie de Seminario de Estudos Galegos, un centro de estudos. Neste sentido R.G. nunca funcionou e, pola miña parte, non houbo nengunha outra participación neste grupo.

—Pero existe ou non existe, repito, ese dirixismo cultural?

—E evidente que hoxe estamos dirixidos por un grupo de poder amplo, unha especie de Unión Patriótica formada por



ex-marxistas, ex-centralistas, ex-galeguistas e algún marxista –supoño que aínda o é–, centralista e galeguista despidados que teñen como punto de contacto o anti-reintegracionismo...

–E non sómente, polo que Vde. di, o anti-reintegracionismo...

–Claro. Isto forma parte dun proceso máis amplo que pretende impedir o desenvolvemento dun proceso nacionalismo. Conste que eu non ousa acusar a ninguén en concreto; penso que existe xente que actúa de boa fe, pensando que está dentro do galeguismo. Repito que non ousa criticar ás persoas máis desde logo, para ben ou para mal, esta “unión sagrada” que están a formar serve uns intereses en absoluto identificados co galeguismo. Trátase en todo caso, pola miña parte, non de facer xuicios éticos-críticos, senón de constatar feitos.

CASTELAO, GALEGUISMO ORTODOXO

–D. Ricardo, Vde. ten declarado, últimamente, que Castelao se estivese entre nós sería o xefe natural da oposición. De qué oposición?

–Debo mostrar-me humilde ao voltar sobre ese asunto. Desde logo eu non son testamentario de Castelao e eu non teño en propiedade a súa conciencia. Ora ben, tendo en conta a súa traxectoria, a súa posición ideolóxica é ben difícil que Castelao estivese en concordancia cos posicionamentos oficiais político-culturais hoxe imperantes no noso país.

–Pero, qué oposición sería esa? Qué oposición é?

–Desde logo a oposición nacionalista. O nacionalismo, como xa teño indicado nesta entrevista, é a consecuencia natural do galeguismo histórico. Castelao era –sería hoxe, en palabras actuais– un nacionalista o que non significa unha identificación absoluta con ningún dos líderes actuais do nacionalismo, por suposto.

–E Vde., D. Ricardo, atravesaría-se a

definir-se a si mesmo como un “galeguista ortodoxo”?

–Verdadeiramente eu non son ortodoxo en nada. En min predomina, antes que nada, a libre interpretación dos textos. Ora ben; creo que represento modestamente a postura tradicional do galeguismo; neste sentido son un galeguista “tradicional”, se queremos. Lóxicamente a miña acción é mormente cultural. Pero penso que a miña voz, o meu fío de voz, está perto, moi perto do pensamento dos vellos xefes do galeguismo.

–Daquela, para concluir, é Vde. un liberal galeguista ou un liberal nacionalista...? En todo caso, é Vde. acusado de ser excesivamente individualista...

–Desde logo son liberal, pero non un liberal no sentido inxenuo de pensar que o mundo marcha por si só. Repito que creo na libre interpretación, aínda que a miña vida e actuación supoñen unha determinada dirección. Individualista? Claro que o son, pero porque non son totalitario. Eu creo no individuo, a sociedade é unha agrupación de individuos. Penso que hai, con todo, xente, bastante xente, que no seu contacto comigo ten chegado a unha serie de conclusións sempre en prol do galego. Ora ben, non teño interese ningún en que se me recorde nen en que se me louve posto que os mortais e mesmo as civilizacións somos efémeros. Neste sentido levo unha certa ventaxa a aqueles que na nosa terra desexan pervirer utópicamente por centos e centos de anos.

Pois moitas grazas, D. Ricardo. Moitas grazas pola súa sincera liberalidade que hoxe lle agradezo como autor desta entrevista e que, a bon seguro, han de agradecer os que a lean e os que estuden no futuro a obra de Vde., aínda que, humildemente, Vde. renuncie a un dereito que nunca lle poderá ser negado: o dereito a ser desde sempre un protagonista principal da nosa lingua, da nosa cultura e do noso ser de galegos.